

¿Que debo facer para formar parte do equipo?

- Ingresar 20€ por entidade no número de conta ES87 2080 0300 89 3040 126857
- Cubrir formulario que se achega
- Remitir xustificante de pago\* a nome da entidade e formulario cuberto a [calidade@fademga.org](mailto:calidade@fademga.org) antes do luns **1 de XULLO de 2019**.

\*IMPORTANTE: O xustificante de pago debe ir a nome da entidade para que se lle poda facturar o servizo



Para calquera dúbida contactar con  
Bibiana ou Daniel no mail [calidade@gademga.org](mailto:calidade@gademga.org)

## APOIOS PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE **PLANS DE PERSOAS PLENA INCLUSIÓN 2019**



## Obxectivos da implantación dun Plan de persoas

- Visión compartida de todas as persoas do equipo de en que organización se está e para que.
- Ter un marco no que se deixe claro, e de xeito equilibrado, que é o que pide a organización a súa plantilla, e que é o que lles ofrece, sempre nun marco de mellora continua.
- Lograr corresponsabilidade de todas e todos para que o equipo funcione ben.
- Facilitar a mellora individual e profesional das persoas do equipo a través da xestión das competencias, entendidas estas como un "Conxunto de coñecementos, aptitudes e actitudes que se deben aportar a un posto de traballo para realizalo co máis alto grao de eficiencia".
- Promover a satisfacción laboral e a búsqueda da máxima competencia profesional.

## ¿Que é un Plan de persoas?

Un Plan de persoas é un documento que contén:

1. Unha reflexión sistemática, congruente e completa da situación da entidade.
2. As liñas estratéxicas e pautas a seguir.
3. Os obxectivos a acadar.
4. As actuacións a desenvolver en materia de dirección, xestión e administración de persoas e relacións laborais.
5. Unha estimación de custes e medios necesarios para elo.
6. Indicadores de seguimento e avaliación.

Supón a concreción e adaptación do Modelo Plena inclusión de Política de Persoas a súa propia realidade e necesidades, en coherencia con este Modelo, no marco do contido e metodoloxía que se plantexa na Guía Metodolóxica establecida para o proceso de elaboración.

## ¿Que apoios facilita a federación?

A federación xestionará tres sesións de formación e seguimento na que o experto en plans de persoas Plena inclusión, Juan Fontela Pérez, apoiará a elaboración e deseño dos plans de persoas Plena inclusión.

## Programa

1ª sesión (XULLO). Explicación que son os plans de persoas Plena inclusión. Como facer e que ferramentas utilizar para obter a diagnose da entidade

2ª sesión (NOVEMBRO). Análise da diagnose para obter as principais liñas estratéxicas do plan de persoas. Definición obxectivos e metas a acadar. Definición accións, temporalidade, axentes responsables e indicadores de avaliación.

3ª sesión. (FEBREIRO). Revisión final. Concreción recursos, medios, pautas, criterios para a implantación, desenvolvemento e avaliación.

